



BANDO

“TARXETA BENVIDA”

O Concello de Outes,

INFORMA:

Que a Consellería de Política Social convocou axudas económicas para familias que teñan un fillo/a, tanto por natureza como por adopción, nado entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Para acceder a este recurso, os ingresos das familias non poden superar os 45.000 € anuais, ou no suposto que esta contía fose superior, que a renda per cápita non supere os 13.500 €.

Con carácter xeral, a contía total da prestación será de 1.200 € a razón de 100 €/mes durante o primeiro ano da vida do fillo/a.

A axuda farase efectiva a través da tarxeta benvida, que só poderá ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en produtos para a infancia.

A documentación necesaria en termos xerais, para a tramitación é a seguinte:

- Libro de familia.
- Certificado de empadramento conxunto da persoa solicitante e da/o nena/o que dá dereito á axuda.

O prazo para presentar as solicitudes será de dous meses contados dende o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento.

INFORMACIÓN E SOLICITUDES NOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS COMUNITARIOS.



OUTES, 30 de decembro de 2016
A Alcaldesa

Asdo. M^a Beatriz Molinos Vidal